

O resumo

Resumir é condensar nun texto breve, eliminando o accesorio, os contidos básicos doutro texto máis extenso. Polo tanto, un resumo expresa de maneira integradora, condensada, coherente e con palabras do autor ou autora (sempre que sexa posible) o contido esencial dun texto.

- **Características:**

- **Brevidade** e selección: deben aparecer só as ideas importantes e os datos imprescindibles.
- **Claridade** e **precisión**: empregaranse palabras e expresións exactas.
- **Orde**: as ideas deben estar ordenadas, relacionadas e redactadas.
- **Extensión**: o resumo debe supoñer un terzo ou un quinto da extensión do texto orixinal, pero isto depende do tipo de texto. Hai textos curtos, pero complexos con moita información mentres que outros máis longos pódense resumir máis ao ter menos información básica.

- **Elaboración**: o resumo debe ser un texto redactado, composto por unha serie coherente de enunciados e **non dunha simple enumeración de ideas**, como é o caso do esquema.

Para elaborar un resumo cómpre ter feito unha **lectura comprensiva** do tema e o subliñado das ideas principais e secundarias.

Contan as crónicas dos viaxeiros que por aqueles mundos andaron, con ollo atento e pluma fácil, que hai na localidade turca de Kangal, a máis de 200 leguas de Istambul, unhas fontes termais onde viven uns peixes que sandan unha enfermidade da pel tan rebelde aos tratamentos da farmacopea como é a psoríase. Estes peixes minúsculos teñen un apetito moi voraz, centrando a súa atención carnívora nas escamas de pel morta, que tanto abundan nas zonas afectadas polas lesións típicas desta enfermidade.

Tal parece, segundo explicou en Lovaina o dermatólogo turco que presentou a Occidente tal marabilla, que estes peixes posúen nas secrecións das glándulas dos beizos unha substancia que fai remitir as lesións, sen que se teña conseguido illar, malia os reiterados intentos dos turquestanos, axente químico tan benéfico.

Similares propiedades posúe o fluído visguento dos peixes saltaríns da lama. Na farmacopea chinesa utilízase en particular a baba do saltarín da lama de Macau, que é o máis apreciado entre estes peixes.

Unha vez máis, o embigo ao que nos ollamos reiteradamente os occidentais non nos deixa ver con claridade que hai outro mundo e outros métodos de traballo máis aló das nosas minguadas fronteiras, e que certas tradicións, aínda que empíricas, brindan resultados positivos con máis xenerosidade e abundancia do que imaxinamos. Endemais, que dúas culturas tan separadas como a chinesa e a otomá procurasen solucións a unha mesma enfermidade, por intermedio dun proceso analítico semellante, debería tamén facernos reflexionar, aínda que eu non sei moi ben a propósito de que.

Xavier Queipo, Mundiños, 1996.

Resumo:

Na localidade turca de Kangal, ao igual que na farmacopea chinesa, empréganse uns peixes con propiedades curativas para sandar a psoríase. O feito de que dúas culturas tan distantes procuren remedios semellantes ante a mesma enfermidade debería de nos facer reflexionar aos occidentais, que pensamos que os nosos métodos curativos son os únicos válidos.

O meu nome é 'Robot'

Imaxine un exército de microrrobots, máis pequenos que a cabeza dun misto, corricar autonomamente, capaces de comunicarse entre si, esquivar obxectos e tomar decisións. Igual que un enxame de pequenas formigas metálicas. Poderían introducirse no seu corpo, cortar tecidos e liberar medicamentos ou limpar células mortas en laboratorios de biotecnoloxía. É a robótica do futuro. A súa obsesión é imitar e mellorar a natureza.

Segundo un grupo de investigadores da Universidade de Barcelona, este escenario podería deixar de ser ciencia-ficción. Xunto con outros sete países, nun proxecto europeo desenvolveron i-Swarm, un microrrobot de tres milímetros cúbicos, unha especie de araña artificial que se move e comunica en grupo, en pequenos enxames; un fascinante exemplo da potencia de investigación española en robótica.

A pesar do avance español, as perspectivas son incertas. O prototipo tal vez nunca chegue a fabricarse en España, que sobresaí en investigación, pero suspende en transferencia de tecnoloxía, produción e comercialización propia. A paixón desbórdase nas universidades, con máis de 60 grupos de I+D, pero sobran os dedos dunha man para contar os inversores e compañías privadas que apostan por estas ideas ata o final, é dicir, a súa produción industrial.

Segundo a asociación española de robótica (AER-ATP), existen 31.000 robots industriais activos, sobre todo en automoción e alimentación. Só Alemaña, Italia e Francia levan ventaxa a España en Europa. Porén, os servizos destinados a tarefas de limpeza, médicas, domésticas ou de entretemento inundarán o mercado dentro duns anos. Hoxe supoñen menos do 5% do parque en España.

Algúns poderían ser como Reem B, un humanoide bípedo desenvolvido por completo en España. Camiña, recoñece caras e manipula obxectos con delicadeza. Os seus creadores son un grupo de 18 enxeñeiros de Barcelona. Os inversores que confiaron neles son, porén, os dunha compañía con sede nos Emiratos Árabes Unidos. "En España falta mentalidade, non diñeiro", explica Oriol Torres, un dos responsables de Reem B. "Agora somos recoñecidos a nivel internacional, pero o proxecto pertence aos Emiratos Árabes. Se non hai aposta local, nunca se conseguirán resultados".

A robótica de servizo será un dos sectores en ebulición nos próximos anos. A federación de robótica internacional (IFR) calcula que hai instalados 5,5 millóns de unidades no mundo. A cifra dispararase ata os 17 millóns en 2011, cun crecemento do 209%. Será difícil acudir a un hospital, a unha tenda ou a un centro de ocio e non toparse con algún sistema intelixente automatizado. Xapón é el líder absoluto. Á investigación e o apoio público súmanse a aposta das grandes firmas. O seu goberno destina a I+D+i el 3,5% del PIB, fronte ao 1,27% español. En España a situación é diferente. Aínda que faltan varios flancos por cubrir, a investigación non é un deles. Máis de 60 grupos, entre universidades e centros tecnolóxicos, desenvolven proxectos de robótica, desde humanoides asistenciais a robots de limpeza, seguridade e rescate.

Por Manuel Ángel-Méndez
El País, 27/9/09

Resumos incorrectos

Linguaxe inadecuada

Pois que hai unha morea de xente investigando en España sobre robots e iso, pero as empresas non teñen pasta para logo facer robots de verdade. Así que chegan empresas estranxeiras e fanse de ouro co noso. Coma sempre, os xaponeses están á última, e os alemáns e europeos. Iso si, en nada imos ver cantidade de robots en sitios como hospitais, bancos e todo iso.

Todo o resumo nunha soa frase

O autor explica como é a situación da industria española en relación coa robótica, que aínda que en investigación somos un país líder, con universidades e asociacións especializadas neste ámbito, faltan verdadeiros medios económicos para implementar todo ese caudal de coñecemento e convertelo en tecnoloxía aplicada, en industria e ao final en beneficios económicos, pero que en todo caso estamos só ante as portas dunha explosión no número de robots ao noso servizo.

Linguaxe demasiada literaria

Hordas de criaturas manufacturadas veñen dispostas a conquistar o noso pacífico mundito. Todo porque unha pléiade de sabios de bata branca xogan a ser deuses cos seus bisturís electrónicos e poñen ao servizo da súa fe talento e neuronas. Chegan os robots. Pero unha esperanza quédalle ao *homo hispánicus*: a nosa atávica incapacidade de converter en moeda tanta sabiduría, o noso desprezo polo simple metal. Que se lucren outros.

Texto demasiado breve

O texto conta que en España hai bastante información e investigación sobre robótica, pero pouca industria.

Texto non expositivo senón con argumentación propia

A investigación en España sobre os robots está bastante ben, pero o certo é que ao final, para desenvolver a tecnoloxía necesitamos do capital estranxeiro. Temos que aprender de países como Xapón, que destinan máis diñeiro a I+D, pero ademais saben logo convertelo en tecnoloxía propia e en beneficios económicos.

Vai máis alá do que di o texto

O autor amosa como en España, pese a posuír un grao de I+D sobresaíente, fallamos no seu desenvolvemento posterior. Non sabemos ou non nos decidimos a converter ese coñecimiento en tecnoloxía que xere ingresos. Trátase dun problema endémico da nosa cultura empresarial que se manifesta en outros ámbitos como a medicina ou as enerxías renovables.